



Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2017

Estimados cooperativistas,

O próximo día 1 de xullo celebrarase o Día do cooperativismo galego. Un ano máis, a Secretaría Xeral de Emprego organizará un acto de exaltación do cooperativismo coincidindo con esta efeméride.

Esta celebración, á que están chamados a participar os cooperativistas de toda Galicia, serve para mostrar a fórmula cooperativa como o modelo de empresa máis adecuado para desenvolver e crear emprego e proxectos sostibles, e para reforzar nas cooperativas a conciencia dos seus valores e a necesidade de difundilos.

Queremos invitar as cooperativas a que esta celebración se desenvolva nas súas instalacións, o que sen dúbida repercutirá na súa proxección dada a relevancia que adoita ter este acto.

Sinálase que os custos da organización do acto serán por conta da Secretaría Xeral de Emprego, correspondéndolle á cooperativa colaboradora unicamente os gastos correntes como auga, luz ou limpeza.

Así mesmo, para promover o correcto funcionamento destas entidades, lembrámosselle que deberá atoparse ao día no cumprimento das obrigas rexistrais co Rexistro de Cooperativas de Galicia.

De estaren interesados, deberán comunicalo ao correo electrónico [economiasocial.emprego@xunta.gal](mailto:economiasocial.emprego@xunta.gal), antes de quince días. É necesario que nos indiquen na súa proposta se dispoñen de instalacións cubertas como salón de actos, de reunións ou de conferencias, sinalando o aforo, ou ben se son exteriores coa posibilidade de utilizar carpas para posibles actos. Prégase que acompañen algunha foto das instalacións para a celebración do acto así como o seu enderezo completo.

Agradecendo a súa participación, reciban un cordial saúdo.

A Secretaría Xeral de Emprego

Covadonga Toca Carús